

Xeitos de outono

XAVIER FRÍAS CONDE

1

Seica agora estea alá a ponte baixo a cal eu podería
semear]
segundos e segundos de ti.

Noites coma esta, co bafo nos vidros e nos ollos,
son xestas no medio do asfalto,
é dicir, o meu peito sen a túa man.

Xa me ves...

Que me vas ver, se agora o dominio da razón sábeme
envenenado]
e nin a noite se figura que a xeadá da rúa
é o meu desvelo arrentes do corazón.

2

Quero falarte,
rirche,
esgazar segredos
adormecer no teu peito,
contar latexos
e, en fin,
morarte
na alma,
só na alma.

3

Xeitos de coller a man,
de buscar palabras que teñan brisa,
maneiras de semear os cabelos
de forestas tropicais,
formas de entender
corpo e alma de muller
arrentes do infinito...

Sen o tacto
os días pasan
con sabor a papel.

4

Esta tarde Madrid sabía a ti.
Chovía. Millóns de pingas e millóns de olladas
roubaban a túa imaxe.
Incerteza porque voarías
—e voaches—

polas lindes deste outono,
sen miña man,
sen min.
Mais no ar fica
o recendo húmido do teu cabelo
e tras a miña xanca
choves esta noite.

5

Temo non ser
ese último alento,
esa fase previa ao sono,
ese sorris esperanzado cando nada se ten,
esa man que pese a todo
sempre está quente
e lembra apertarte.

Temo perderte
por calar,
por falar,
por ollarte
ou por soñarte
se non me deixas que te bique.

6

Respiro
entre o teu cabelo,
espido
de todo agás de ti

7

A Adela,
miña nai

Quérote
por non seres imaxes,
mais por seres ti,
eterna posuidora de sinxelezas
e grandezas
que todo combinas.

Quérote
neses teus ollos grandes
onde se creou o mar,
quérote
nesas túas mans que me acariñan
o mesmo almas ca paisaxes.

Quérote
en toda a túa maternidade,
espello do que hei de ser
e alento inesgotábel
do pan
con que me alimentaches.